



O lote de Luis Rodríguez Vaamonde proclámase Campión Galego de Cans de Rastro de Coello

O pasado 26 de setembro disputábase no Tecor "Coto Suido" en Covelo (Pontevedra) o Campionato Galego de Cans de Rastro sobre Coello, organizado pola Federación Galega de en colaboración coa Sociedade de Cazadores Tecor "Coto Suido".

A proba, que tiña lugar nos montes de Piñeiro e Fofe, en Covelo, contaba ca participación dun total de 10 lotes clasificados dos respectivos Campionatos Provinciais mais os últimos Campión Galego e Campión da Copa Federación da modalidade.



O lote do coruñés Luis Rodríguez Vaamonde formado por Turín, Vela, Berta e Sarna proclamábase gañador cun total de 560 puntos. No segundo posto e polo tanto subcampión era o ourensán José Cibeira Villanueva con París, Lúa, Negrita e Tita, que acadaban 512 puntos. Finalmente o podio completábao o pontevedrés José Manuel Brea Gómez que remataba terceiro cos 435 puntos que acadaba o seu lote formado por Pelé, Pinto, Laica e Roxa.

O premio ao mellor can era para París, de José Cibeira Villanueva, que remataba a proba cun total de 152 puntos.

CLASIFICACIÓN POR LOTES			
Pos	Propietario/Conductor	Nome dos Cans	Puntos
1º	Luis Rodríguez Vaamonde	Turín – Vela – Berta – Sarna	560
2º	José Cibeira Villanueva	París – Lúa – Negrita – Tita	512
3º	José Manuel Brea Gómez	Pelé – Pinto – Laica – Roxa	435
4º	Manuel V. Casqueiro Casqueiro	Lor – Rita – Rex – Cora	380
5º	José Ramón López Fuentes	Claidón – Tula – Lía – Gros	370

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com